



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

ACTA Nº 2024/13
SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

- CASA DO CONCELLO, XOVES 21 DE NOVEMBRO DE 2024 -

No día de hoxe, ás 20:30 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

FRANCISCO JAVIER SAR ROMERO

ASISTEN:

PSOE

JAVIER ROMAR ALVARELLOS

SANTIAGO MANUEL TOBA CAMPAÑA

OLALLA BENLLOCH LEMA

PATRICIA DOMINGUEZ MARINO

FELIPE VILELA VILELA

BNG

MARIA MERCE BARRIENTOS VARELA

PP

SOFIA LOPEZ SIMON

SANDRA VILELA RIVEIRO

ROSARIO GONZALEZ LEMA

AUSENCIAS:

IxMuxía

AURELIA MARIA PICALLO MERLAN (xustifica a ausencia)

SECRETARIA: ROSA ANA GARCIA FERNANDEZ

INTERVENTORA: ROSA MARIA FERNANDEZ CANOSA

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

Parte resolutiva:

1.- Aprobación actas anteriores de 17 e 31 de outubro de 2024

As actas quedan aprobadas por unanimidade dos membros presentes.

2.-REC 7/2024

O Sr Alcalde manifesta que todos os grupos teñen copia da documentación deste punto, iniciando o debate Dna Sandra Vilela, voceira do grupo municipal PP:

“ O goberno actual que leva mes e medio no goberno atopouse 800.000 euros en facturas sen pagar e teñen que sabelo os veciños, porque non se pode ir a un pleno e intentar enganar aos veciños/as dicindo que hai 2.000.000 de remanente. Seguiremos pagando facturas herdadas, algunhas non as pagamos porque non se



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

sabe de que son . Seguiremos pagando en 2025 facturas herdadas do goberno anterior.”

Intervén seguidamente Dna Merce Barrientos: “ Creo que hai un informe da intervención con reparo suspensivo e como sempre facemos abstereime. Haberá que ir regulando a situación dos pagos, estamos en novembro de 2024 e é extraordinario que se estean a pagar facturas de 2023.”

Sometido o asunto a votación o Pleno, cos votos a favor do grupo municipal IxM (1), PSOE (5), PP (3), e a abstención da integrante do grupo Mixto-BNG Dna. Merce Barrientos acorda:

-O levantamento, polos motivos expostos, do reparo da Intervención Municipal.

-Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito 7/2024, polo importe de 17.364,38€ recoñecendo as obrigas que se derivan del.

3. Ratificación decreto de alcaldía de aprobación Convenio Administración Electrónica

O Sr alcalde explica brevemente o punto da orde do día.

O pleno por unanimidade acorda ratificar o decreto de Alcaldía seguinte:

Remitido pola Deputación Provincial de A Coruña Convenio de colaboración entre Deputación e Concellos da provincia para a implantación da Administración electrónica, sen prexuízo no seu caso de rectificación plenaria,

De acordo coas facultades que ao respecto me concede a vixente normativa de réxime local, RESOLVO:

- Aprobar e formalizar o convenio mencionado.

- Facultar ao Sr. Alcalde D. Javier Sar Romero para a sinatura e formalización do Convenio obxecto desta Resolución.

4.-Proposta delegación de competencias en Xunta de Goberno Local (prezos públicos)

Intervén Dna Sandra Vilela: “ Gustaríame preguntar á secretaria se este punto trata de delegación de impostos ou taxas na XGL?

Previo permiso da Alcaldía a secretaria contesta que a proposta é de delegación de prezo público en XGL, e non de taxa ou imposto algún.

A continuación intervén Dna Merce Barrientos: “ Espero que isto sirva para regularizar os cobros de servizos e remate o cobro de cantidades sen entregar recibo como pasou unha Alcaldía cando pagamos polas Festas do Mar 100 euros sen saber para que nin que destino tiñan , e eran cantidades diferentes a outras ocasións sen explicar pública nin previamente aos participantes nada. Reclamaron recibos de pago e se lles negou. Non sei se o grupo de goberno deu traslado a algún departamento municipal destas cantidades e o destino delas.

Unha ordenanza de prezo público que permita regularizar o que se vai cobrar en magosto, congreso, Festa do



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

Mar... e sempre un avance en legalidade e transparencia.”

Seguidamente intervén D Iago Toba, voceiro do gm PSOE: “ Falamos do goberno da transparencia, do diálogo... onde está?. Ao meu grupo non se lle chamou para nada. Tráese isto a golpe de imposición e os votos do gm PSOE non valen para nada porque está a cuarta concelleira do grupo popular e todas as preguntas que fai están pactadas. Din que isto é para que haxa transparencia e non é así porque para que fora transparente debería traerse a pleno e debater os prezos aquí. Isto traeno para subir unha taxa de plásticos de silo, de espectáculos, etc., para cobrar os campamentos de verán ou de primavera, deses que agora baixaron á metade as horas, usando o diñeiro do Pacto de Estado para mercados do Nadal. Como o BNG é cómplice do goberno, da unha carta en branco para que se faga o que se queira. Non estamos de acordo porque isto quita dereitos aos veciños. Na XGL solo están membros do goberno.”

Intervén o Sr Alcalde: “ Creo que vostede ten un inimigo que é a mentira e outro que é a maldade. Trátase de prezos públicos e na Comisión informativa explicóuselle que é unha competencia delegable. Vostede di nas redes sociais que o goberno esta preparando unha suba de impostos e é mentira. Non son impostos porque para estes ten que facerse pleno. Os prezos públicos son prezos simbólicos como por exemplo teatro, festa do Congro ou as festas do Mar, evitando levar á Alcaldía diñeiro en metálico... Queremos facer un mercadillo navideño e para poder cobrar unha entrada habería que facer un pleno e posiblemente non daba tempo.”

Volve a intervenir Dna Merce Barrientos: “Quero deixar claro que non existe un goberno IxM, PP e BNG porque este último está na oposición igual que vostede pola súa mala cabeza. Trouxo vostede a pleno as cantidades que se cobraron nas Festas do Mar? Non. Afirmo que no seu despacho collín un sobre e entreguei 100 € en efectivo ao Sr Alcalde e Tenente de alcalde..”

Dna Sandra Vilela volve a intervenir: “ Segue vostede intentando enganar aos veciños/as porque en canto tivo a proposta no seu e-mail o primeiro que fai é subila ás redes e dicir que este goberno vai subir impostos e iso é mentira. O incremento de impostos ten que vir a Pleno, algo que por certo, si tiveramos que facer non teríamos problema en dicilo ni facelo porque queremos falar claro aos veciños, algo que vostede nunca fixo. Queremos facer un mercadillo e cobrar un ou dous euros porque para facer cousas precisamos cartos. O que fai a XGL non é opaco porque vostede recibe as actas. Queremos saber cales son os prezos públicos das Festas do Mar e onde están publicados?. Os prezos públicos que estableza este goberno serán públicos e ninguén vai deixar de ir a unha actividade por ter que pagar un euro. Se queremos un nivel de actividades elevado os veciños teñen que aprender axudar a financialas. En canto ás negociacións, emprazámolo durante moito tempo a que negociase cos outros grupos e non quixo. Este goberno intenta chegar a acordos e chegar a pleno cos votos suficientes para sacar adiante as cousas. Que non negocie con vostede non quere dicir que este goberno non negocie.”

Volve a intervenir D Iago Toba: “ Dixemos que se subían cousas e así é. O BNG non ten asumido nin os seus acólitos que hai un goberno novo e segue a dirixirse a nós como goberno, e debe de cumprir coas cousas que lle mandan.”



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

O Sr Alcalde somete a votación a proposta. Votan a favor dela o Sr Alcalde, os integrantes do gm PP (3) e o grupo mixto(1). Votan en contra os cinco integrantes do g. m PSOE. Ao producirse empate, volve a votar o pleno con idéntico resultado. Actúa o voto de calidade da Alcaldía e polo tanto, o pleno acorda aprobar a seguinte proposta:

Delegar na Xunta de Goberno Local a facultade de aprobación e modificación de prezos públicos.

5.-Proposta delegación de competencia de contratación na XGL

O Sr Alcalde explica que a proposta refírese á delegación de competencias na XGL de determinadas licitacións que en principio excedían da competencia de contratación da Alcaldía por importe, pero que segundo lle comunican os servizos municipais pode que non sexa así polo que propón que o asunto quede sobre a mesa para completar o estudo do expediente.

Sómétese a votación a proposta de quedar sobre a Mesa. Votan a favor dela o Sr alcalde, os integrantes do g. m PP (3) e o grupo mixto(1). Votan en contra os cinco integrantes do g. m PSOE.

Ao producirse empate, volve a votar o pleno con idéntico resultado. Actúa o voto de calidade da Alcaldía polo que o Pleno acorda deixar sobre a mesa este asunto de acordo co establecido no ROF.

6.-Proposta representación do grupo Mixto (BNG) en Consellos Escolares

O Sr Alcalde explica o contido da proposta.

Dña Sandra Vilela intervén: “ Este é un exemplo de que hai negociación neste goberno”.

Seguidamente intervén D Iago Toba: “ Ten mala memoria Sra Barrientos, vostede quería estar na mancomunidade porque compañeiros seus o estaban e agora válelle todo. Por que Vilarmide?”

Contesta Dña Merce Barrientos: “Non teño mala memoria e pode ler as actas, dixeron que nos órganos colexiados deberían de estar presentes os membros de toda a corporación e puxen como exemplo a representación na mancomunidade. Pedínlle que negociase coa oposición a presenza desta nos órganos colexiados, cousa que vostede nunca me ofreceu. En canto a Vilarmide, non hai problema, tamén me gustaría Muxía pero teño un tempo limitado porque traballo.”

O Pleno, cos votos a favor do grupo municipal IxM (1), PP (3) e Mixto (1), e a abstención do PSOE (5), acorda:

Nomear titular no Consello Escolar de Vilarmide a Dña. Merce Barrientos Varela representante do grupo Mixto (BNG) deste Concello, e suplente Dña. Sofía López Simón.

Parte non resolutiva

7.-Moción BNG sobre prazas de estacionamento

Dña Merce Barrientos explica o contido da moción, que sometida a votación queda aprobada por unanimidade dos integrantes do pleno e polo tanto acorda:

1.-Realizar unha campaña divulgativa dirixida á veciñanza na que se informe do dereito a dispor de medidas que melloren a accesibilidade e inclusión das persoas con problemas de mobilidade e dos trámites precisos



CONCELLO DE MUXÍA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

para exercer este dereito.

2.-Recoller e dar trámite as demandas das persoas con tarxeta acreditativa de situación de discapacidade por problemas de mobilidade que soliciten o cumprimento deste dereito.

3.-Tomar medidas para que se garanta que, no núcleo urbano, nos edificios de titularidade pública e na contorna das vivendas destas persoas haxa suficientes espazos reservados para facilitar o acceso e estacionamento de vehículos nos que sexan trasladadas.

8.-Moción BNG sobre obras autovía AG-55

Dna Merce Barrientos explica o contido da moción, manifestando :”Non temos porque pagar peaxe que outros non pagan e tamén pagar peaxe dun trozo de autovía que non se remata.

Cremos que todas as corporacións dos concellos da Costa da Morte deberían de apoiar e demandar un tratamento equivalente a outros lugares de Galicia.”

Seguidamente intervén Dna Sandfra Vilela: “ A realidade é que esta autovía fíxose cun goberno popular e houbo outros gobernos despois que non fixeron nada. O compromiso do PP con esa estrada segue a ser firme e vaise rematar aínda que non tan rápido como nos gustaría.

Cremos que debe de rematarse e por elo apoiaremos a moción.”

O Pleno, por unanimidade dos membros presentes acorda:

1.-Demandar á Xunta de Galicia o remate da autovía AG-55 e a conexión da mesma ata Cee, tal e como se proxectou no Plan MOVE.

2.-Esixir a execución inmediata do tramo da autovía entre Salto e Berdoias.

3.-Esixir que se tomen as medidas oportunas para garantir a gratuidade do tramo Coruña-Carballo como se fixo co rescate doutras vías de titularidade autonómica.

9.-Moción BNG sobre dereitos do alumnado con necesidades educativas.

Dna Merce Barrientos explica o contido da moción, explicando: “Creo que algunhas das familias tiveron unha reunión coa inspectora que lles dixo que non reclamaran porque se ían dar medidas de apoio aos colexios de máis de 8 unidades e non foi así. Unha familia quixo pasar ao neno a Os Muíños e lle dixeron que non o fixera porque Muxía ía a ter apoio e non foi así.”

Sometida a moción a votación, o Pleno, por unanimidade dos membros presentes aproba a moción e polo tanto acorda:

1.-Apoiar ás demandas das familias dos CEIP dos Muíños e Virxe da Barca de Muxía, e esixir á Consellería que garanta a dotación aos departamentos de Orientación dos recursos e persoal suficiente para poder atender ao alumnado NEAE e NEE destes centros o úmero de horas que sexan precisas para o seu avance e impulso académico e persoal dentro do contexto dunha educación pública de calidade, e reclamar a urxente asignación dos especialistas en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe no número de cadros e horas suficientes para que este alumnado reciba a atención precisa.

2.-Instar á Xunta de Galicia a que cumpra os acordos de agrupamentos, respectando as disposicións oficiais



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

ao respecto e a cuantificación de prazas asignada ao alumnado con NEE e NEAE, sempre que na avaliación de diagnose o persoal docente cualificado indique estas necesidades.

3.-Remitir a moción ás autoridades educativas competentes para o seu coñecemento e se acompañe e apoie ás familias na súa interlocución na busca de solucións urxentes para garantir a atención adecuada aos seus fillos e fillas.

10.-Dar conta envíos trimestrais e PMP 3º trimestre 2024

A Secretaria explica que se da conta ao pleno nos envíos trimestrais e PMP do 3º trimestre 2024.

O Pleno queda enterado.

11.-Dar con ta resolucíons de alcaldía do 16 de xuño ao 18 de novembro de 2024

O Pleno queda enterado das resolucíons de alcaldía comprendidas entre o 16 de xuño e 18 de novembro de 2024, da que teñen copia todos os concelleiros/as.

De acordo co establecido no ROF, o Sr Alcalde pregunta se quere introducirse por razón e urxencia, algún asunto na Orde do Día, presentando unha moción Dna Merce Barrientos sobre “A restitución ao seu estado da contorna da Barca”.

Dna Merce Barrientos manifesta que considera urxente o seu tratamento pola situación orixinada cas obras nos últimos días.

Sometida a urxencia a votación, o Pleno por unanimidade a ratifica.

A continuación Dna Merce Barrientos explica o seu contido, intervindo a continuación Dna Sandra Vilela: “Hoxe sacamos un comunicado falando deste asunto porque inquieta aos veciños/as de Muxía. Creo que é importante facer unha cronoloxía deste asunto: Sendo Félix Porto Alcalde se decide redactar un proxecto para poñer en valor ese entorno en 2018 . En 2019 hai un cambio de goberno e o proxecto ven a pleno en 2020 sendo aprobado por unanimidade polo PP, PSOE e BNG. A obra comeza en 2022, aparece un muro no entorno da Ferida que logo é derribado polo goberno debido á presión social. Ese muro non estaba no proxecto e non se podía por elo executar. A obra queda paralizada case dous anos e cando a Deputación se apresura porque hai unha subvención que se pode perder, o ex goberno decide traer a pleno un modificado dese proxecto, que os grupos da oposición votan en contra.

Entendíamos que debería de executarse o outro proxecto, respectar o ideario do plan anterior. Iago Toba decide executar a obra despois de que a Deputación Provincial dese o visto bo. A obra segue o seu cauce e aparecen eses elementos que sorprenden. Eles foron o único grupo que votou a favor do modificado e agora sae dicindo que tende a man para retiralos. Outro engano, unha política rastreira . Se non se executase a obra perderíase a subvención . O voceiro do g.m PSOE sae dicindo que son elementos de “quita e pon”, pero os buratos da pedra non o é. Hai que dar unha solución.

Quero propoñer deixar para un debate posterior o referido na moción sobre a retirada ou traslado da Ferida e se emendamos así a moción, votaremos a favor.”



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

Intervén Dna Merce Barrientos: “ O BNG non renuncia ás aspiracións dun consenso sobre que o verdadeiro protagonista da Barca son as pedras e o mesmo entorno. Perdemos parte da nosa identidade cada vez que alguén pensa que unha pedra traída de Burgos ou da Rioja e posta ali nos representa, como pasa coa Ferida. Se alguén quere simbolizar o Prestige, que a poña onde o barco se fundiu. Non teño problema en retirar esa parte da moción e despois falar da Ferida.”

Intervén o Sr Alcalde: “ IxM non formábase parte do Pleno en 2018. Cando nos reunimos coa Alcaldía sempre deixei claro que non estábamos dispostos a perder a subvención aínda que non estabamos de acordo co proxecto modificado, que logo se aprobou por decreto.

Comprométome a modificar o que podamos alí pero agora non podemos perder a subvención. Iago di que quere axudar a retirar os monolitos pero foi quen os aprobou . Imos tratar de aprobar a certificación e apoiaremos a moción porque estamos de acordo co proxecto inicial.”

Intervén D Iago Toba: “Vostede é a mesma persoa que ven a falar connigo?, porque di o contrario que dixo naquel momento. O PP quere quitar a Ferida que puxo un goberno do PP.

O BNG prantexa o traslado da Ferida e o PP o emenda. Isto está pactado. Vostede viu o proxecto inicial e nel estaban eses monolitos , cunha pequena diferenza de medidas. O PP votou a favor del e tamén o BNG e agora hai polémica. O modificado faise porque os anclaxes que tiñan que facer precisaban un burato do ancho do monolito e non o quixen. O Director de Obra nas cousas non definidas nun proxecto, as define. Cando quixen unhas modificacións porque se quería tirar o mirador e parte dun trazado no camiño da Pel, a voceira do PP e BNG dicían que non e agora a moción fala de recuperación de laxas que é a zona da Ferida e todo ese mirador tería que levantarse e tamén o camiño da Pel e poñer unha especie de acordoamento onde supostamente había noutro tempo, peches de hortas. Tampouco quixemos. Vostedes PP e BNG dixerón que era mentira e as dúbidas de IxM fixeron que viñesen a ver a obra no Concello.

Todo é un paripé político, os seus grupos votaron a favor de ter eses monolitos. A esencia de Muxía perdeuse ao tirar casas de pedra e mandando mensaxes ameazantes dende o seu entorno de Muxía.”

Intervén o Sr Alcalde: “Parece que eu teña culpa de que o PP e BNG estivesen de acordo co proxecto e non é así. Podo facerme responsable de retirar os monolitos porque causan impacto e é o que digo.”

Volve a intervenir Dna Merce Barrientos: “Non me estraña que non distinga entre o PP e o BNG porque vostede leva anos comportándose como un representante de Vox. As mentiras teñen patas cortas e en outubro de 2022, en execución da obra, construíuse un muro de grandes dimensións que tapaba o mar e que non estaba no proxecto. Cando o representante do BNG o dixo así o muro desapareceu. Vostede sabía que se facía ese muro e parou a obra enviando un escrito a Deputación dicindo que surxiran dúbidas . O 13 de novembro de 2023 enviou unha proposta de modificación do proxecto á Deputación . Parou a obra porque pensaba que nos esqueceríamos daquel muro e en abril de 2024 remitiu un proxecto modificado encargado ao Director de Obra sen dicir nada á corporación e cando a Deputación lle esixiu acordo do Pleno decatamos de todo. Estaban os pipotes pero calquera director de obra que o vira e ver as pedras tería que



CONCELLO DE MUXÍA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

replantexarse poñelos. Vostede mentía dicindo que a oposición impedía o remate das obras, acusounos de querer desfacer o camiño da Pel. É mentira, non se desfai nin tampouco o mirador da Ferida que quedaba reducido no proxecto inicial e se recuperaban as laxas. No novo proxecto, en vez dunha marca de sinalización do Km 0 de 80 cm, hai unha explanada de 70 m de formigón armado cun mostrador de máis de 5 metros para un debuxo da contorna.

Co voto en contra da oposición mandouno á Deputación e iniciou de novo as obras. Creo que non se trata de quen si ou quen non, se non de recuperar ese entorno natural que é o que aprecia a xente que ven de visita e tamén os que estamos aquí. Debe pagarse isto e reclamar ás institucións que cando actúen o fagan con sentido e se se vota en pleno algo en contra é por algo.”

Intervén Dna Sandra Vilela: “Non é certo que eses indicadores estean no primeiro proxecto ou non desa maneira e con esas dimensións, pero aínda que así fora , cando vostede modificou o proxecto, porque non os cambiou?”

A continuación manifesta o Sr Alcalde: “ Hai ao parecer, unha diferenza de medidas. Esta obra hai seis anos que comenzou e tiña que estar rematada.”

Sometido o asunto a votación , a moción queda aprobada polos cinco votos a favor do Sr Alcalde (1), PP (3) e grupo mixto-BNG (1) nos apartados 1,2 e 4, e a abstención do resto. O apartado 3 queda aprobado en parte, quedando para posterior decisión o relativo a súa parte “in fine” sobre o traslado da Ferida.

O contido da moción resulta recollido a continuación.

1.-Que se retiren á maior brevidade os elementos sinaléticos recentemente colocados no entorno da Pedra de Abalar, do Faro da Barca e outros lugares singulares da contorna, non so as partes superficiais suxeitas con barras e candados dos que se di que se poden retirar no outono senón tamén os soportes de ferro fixados con pernos ás pedras.

2.-Que se restituía, na medida do posible, a integridade das pedras co obxectivo de minimizar os danos causados durante a instalación destas pezas sinaléticas.

3.-Que o goberno municipal inicie canto antes xestións coas institucións públicas para financiar un proxecto non de “mellora” do entorno da Barca, senón de restitución e reparación deste espazo -que debería ser especialmente protexido de intervencións arbitrarias- que supoña a retirada da placa de formigón armado de 70 metros cadrados sobre a Pel, a redución do actual tamaño do formigonado do mirador e a recuperación das laxas (todo recollido no proxecto consensuado pola corporación en 2018).

4.-Que, en todo caso, para calquera proxecto que pretenda actuar sobre este espazo no futuro se procure ante todo o consenso, para evitar actuacións unilaterais e de parte como as que se produciron.

12. Control órganos de goberno. Rogos e preguntas

-Dna Sandra Vilela pregunta: É certo, Sra Interventora, que dende a concellaría de cultura, cara a celebrar o



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

magosto lle pedimos RC para poder comprar castañas e para megafonía e nos indicou que non había partida orzamentaria para elo?

-A interventora, previo permiso da Alcaldía, responde que así foi.

-Dña Merce Barrientos intervién: “Sobre a recollida de lixo, hai facturas astronómicas cando en concellos máis grandes teñen menos custe este servizo. Porque hai este custe aquí?”

Rogo se acometa a urxente reparación da auga de Armear e se planifique a substitución das conducións antigas para pasar polos viarios e non polas fincas.

Rogo que se acometa a reparación de vaches das vías de Vilachán ao Cruce de Nemiña, de Buiturón, Guisamonde e demais, cheas de furanchos.

Que se empece urxentemente a eliminar os elementos dos núcleos rurais e parroquias, como postes publicitarios, anuncios de POS, carteis rotos en praias de plans de limpeza, etc, coa retirada destes elementos deteriorados o Concello gaña en limpeza e aprecio dos visitantes.

Que se insista ante PORTOS no arranxo dos servizos e aparcamento.

Que se pida permiso para pintar ou o pinte a Administración que sexa o paso de peóns de Quintáns.

Que se retire e substitúa a marquesina de Pasantes que esta perigosa e en mal estado. A de Moraime está sen vidro, a de Vilariño creo que non se usa e os vidros son unha auténtica guillotina, a de Vilar tamén esta descuadrada.

Que se planifique un plan de limpeza de fontes e lavadoiros, patrimonio etnográfico de riqueza turística.

No último pleno aprobouse subvencións para asociación e equipos deportivos e rogo que contemplan a concesión de axudas para os e as deportistas individuais deste Concello que tamén precisan axudas para manter a súa actividade.

Os veciños de Castelo preguntan onde están os dous contenedores subvencionados pola Deputación., ou os catro de Suxo. Deberían de estar colocados segundo consta en expediente obrante en Secretaría.”

-O Sr Alcalde responde: “ Contestarei ás preguntas segundo o determinado. En canto ao de Portos, estamos nelo. O permiso para o paso de peóns, esta semana ou a pasada requirimos que o pintasen e denegaron o permiso que pedimos.”

Hai un plan de limpeza e temos que reubicar 41 contenedores dos que faltan 15. A ver se somos capaces de ver onde están.

Repoñeremos agora 60 sinais e faltan cinco postes e vostede Sr Toba, saberá onde están porque vostede as recepcionou e pedímoslle a súa concelleira que nos dixese onde estaban .”

-Intervén seguidamente o Sr. Toba: “ Cando a moción dixestedes que había acordo programático . Onde está? Rogo que o saquen.

Que empresa leva as redes sociais do Concello na actualidade? Existe contrato? Que persoa do goberno é a responsable do contido das redes, quen decide que opinión é ou non respectala?

Que pasa co programa de xuventude con talento? Dinnos que posiblemente se perda.



CONCELLO DE MUXÍA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

Pode aparcarse un vehículo en liña amárela ou nun vado permanente? Creen que o Alcalde ou concelleiros deberían dar exemplo e non facelo?

Perdéronse dúas obras financiadas pola Xunta, unha para parcelarias. Porque?

Teñen algún informe do custo da recollida se a facemos con medios propios?

Puxeron a punto xa o camión de lixo, que segundo din os operarios podería funcionar cunha posta a punto corrente. Que persoal teñen para elo?

Remítesenos hoxe un e-mail denominado “comida de Sandra” nun local dun membro de IxM. Usáanse os recursos do Concello para comidas de Sandra?

Analizouse o investimento previsto pola Xunta para Muxía?

Fixo vostede alegacións a eses orzamentos da Xunta. Nos fixemos 14.

En canto á Dana e as contas abertas, canto diñeiro teñen?.

Cando se van a instalar as sinais que non atopan e eu vin?

Hai algún trámite para a xestión directa do SAF?

Formalizouse algunha colonia felina das aprobadas no pleno?

Cando se vai a facer a marquesina solicitada para Pardiñas?

Chegou a pala escavadora contra a que vostedes votaron ?

Sabe que non hai diñeiro nos orzamentos da Xunta para esa estrada (AC 440),? Reclame que se faga ben e como estaba programada.

Xa que temos diñeiro para iluminación do Nadal , trouxemos unha mellora de cadros eléctricos e instalacións de farolas de novos negocios en Nemiña, Morquintián, etc e é importante ter os negocios alumeados.

O aumento de salario ou categoría dalgún traballador reclamado pola voceira do PP, xa está en funcionamento? . Vai ser circunstancial ou definitivo.”

O Sr Alcalde resposta que contestará no próximo pleno, levantando a continuación a sesión.

Ás23:15 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretario, dou fe.

Concello de Muxía, venres 29 de novembro de 2024



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

A secretaria, Rosa Ana García Fernández

O alcalde, Francisco Javier Sar Romero